



ACTA Nº 2023/5

Sesión Ordinaria do Pleno da Corporación

Sala de sesións da casa do Concello, luns 27 de marzo de 2023

No día de hoxe, ás 20:00 horas, baixo a presidencia da alcaldesa, reúnen as concelleiras e concelleiros que se indican, coa asistencia do secretario que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión Ordinaria do Pleno da Corporación.

PRESIDE:

D.^a Mónica Rodríguez Ordóñez

ASISTEN:

PSOE

D. Víctor Manuel Muíño Ramos

D.^a María José Pose Pérez

D. Miguel Angel Pérez Méndez

D.^a Rosa Blanco Lema

D. Mario Andujar Mouzo

ADIANTE VIMIANZO

D.^a Marta Rey Lema

D. Eugenio Vidal Quintáns

D. Francisco Javier Trillo Pazos

PP

D.^a Raquel Rodríguez Amigo

D. Francisco M. Calzas Suárez

AUSENCIAS:

ADIANTE VIMIANZO

D.^a María Jesús Barbeira Pose

D. Manuel Lorenzo Hermida

SECRETARIO/A:

D. Francisco Javier Novoa Juiz

INTERVENTOR/A:

D. Francisco Fernández Armada



Dña. Marta Rey Lema traslada a ausencia por motivos laborais de D.^a María Jesús Barbeira Pose e D. Manuel Lorenzo Hermida.

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que a alcaldesa, como Presidenta, declara aberta a sesión.

Procédese a tratar os asuntos incluídos na,

ORDE DO DÍA

A) Sección resolutiva

1º. Aprobación das actas das sesións ordinaria e extraordinaria celebradas o 27 de febreiro e 8 de marzo de 2023.

B) Sección de control

2º. Dación de conta de resolucións da Alcaldía-Presidencia.

3º. Dación de conta da aprobación da liquidación do orzamento do exercicio 2022.

4º. Mocións de urxencia.

5º. Rogos e preguntas.

A continuación comeza o debate plenario da orde do día:

A) Sección resolutiva

1º. Aprobación das actas das sesións ordinaria e extraordinaria celebradas o 27 de febreiro e 8 de marzo de 2023.

En cumprimento do disposto no artigo 91.1 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, a Sra. alcaldesa pregunta se algún membro da Corporación ten que formular algunha observación ás citadas actas.

Ao non manifestar ningunha observación sobre as mesmas, quedan aprobadas por unanimidade dos presentes, as actas das sesións ordinaria e extraordinaria celebradas o 27 de febreiro e 8 de marzo de 2023.

B) Sección de control

2º. Dación de conta de resolucións da Alcaldía-Presidencia.



O Secretario dé conta dos números de Resolución da Alcaldía adoptadas desde o día 23-02-2023 con número 249/2023 ata o día 22-03-2023 con número 430/2023.

O Pleno do Concello douse por enterado.

3º. Dación de conta da aprobación da liquidación do orzamento do exercicio 2022.

Dáse conta da Resolución da Alcaldía núm. 243/2023, do 17 de febreiro de 2023, na que se resolve aprobar a liquidación do orzamento xeral para o exercicio 2022.

O Pleno do Concello douse por enterado.

4º. Mocións de urxencia.

Non se presentan.

5º. Rogos e preguntas.

Dña. Marta Rey roga se remitan os decretos de Alcaldía o mesmo día da convocatoria.

Así mesmo, pregunta en relación coa obra de ampliación da beirarrúa na zona do tanatorio, xa que hai un veciño afectado que reclama unha ocupación indebida.

A Alcaldesa-Presidenta en relación ao envío dos decretos indica que se lle dará conta ao servizo correspondente.

En canto á pregunta formulada, contesta que se falou co interesado e se lle explicou que está nunha unidade de execución e forma parte dunha finca con dous propietarios máis sen ter dereito a edificar xa que non obtivo a categoría de solar por falta de desenrolo.

En todo caso, traslada que a actuación era urxente xa que se está no centro de Vimianzo e se seguen as alineacións que figuran nas NNSS. Por último invita a reunión para aclarar conceptos se fora necesario.

Non tendo máis asuntos que tratar, sendo as 20:12 horas a Alcaldesa-Presidenta levanta a sesión, e eu como Secretario do Pleno redacto este borrador a reserva dos termos que resulten da súa aprobación, en Vimianzo.

A alcaldesa
Mónica Ródriguez Ordóñez

O Secretario Xeral
Francisco Javier Novoa Juiz